



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernandez.

Concelleiros/as:

PP

Oscar Vázquez Corral

Emilio Mahía Neira

Esther Bergantiños García

BNG:

Alvaro X.García Freire

Javier Suarez Sanchez

Hortensia Vázquez Gómez

Secretaria:

Minia Astray Barca

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O
XOVES DIA 13 DE NOVEMBRO DE 2025.-

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 10:00 horas do día baixo a presidencia do Sr. Alcalde, reúnen-se os concelleiros/as que no marxe se indican co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da corporación. A Continuación pasouse o estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día :

Primeiro. Aprobación acta da sesión anterior.

Segundo. Dación de conta dos Decretos de Alcaldía.

Terceiro. Mocións.

Cuarto. Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobación acta da sesión anterior, son dúas actas; a primeira a correspondente ao Pleno ordinario celebrado con data 11/09/2025 e a segunda do Pleno extraordinario celebrado con data 17/10/2025. Aprobándose ambas actas por unanimidade.

SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Os Decretos de Alcaldía que van dende o 09/09/2025 ao 10/11/2025 e que están enviados en tempo a tódolos concelleiros/as.

TERCEIRO.- MOCIÓNS.



Non hai mocións no presente pleno.

CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS

- BNG:

PREGUNTA 1. En que zonas de Barbeito estamos tendo problemas de subministro de auga? Cales son os motivos e que medidas se están tomando para solucionar este tema?

Responde o Sr. Alcalde que a día de hoxe non hai ningún problema en ningunha das parroquias e tampouco en Barbeito si que houbo de carácter puntual por avarías non localizadas que posteriormente se localizaron co busca fugas por medio da empresa Espiña e Delfín e xustamente cando había esas avarías era o momento de cando había máis seca nas fontes. Houbo uns días nos que se tivo que pechar a auga de 23:00 a 07:00 horas e gracias a isto despois tiñamos auga, xa que, estivemos a piques de quedarnos sen auga. Localizamos a avaría e ao final estaba na zona de Vitrís e amañouse fai dúas semanas e a día de hoxe comezan a abrir as fontes e temos auga en tódolos depósitos.

PREGUNTA 2. O concello ten unha subvención para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga. En que situación se atopa a execución desas obras?

Responde o Sr. Alcalde que temos que licitalo é un contrato menor e ten que estar feita antes do 31/03/2026. Pregunta o Sr. García en que consisten ao que o Sr. Alcalde responde que son unhas arquetas que se poñen no medio da rede e xa se ten claro onde se pode ter a perda así como que se van cambiar algúns contadores, en base á normativa. Pregunta o Sr. García se as arquetas levan contadores ao que o Sr. Alcalde responde que si que levan.

PREGUNTA 3. O concello ven de solicitar Consellería de Medio Rural no plan de obras de infraestruturas rurais (PIR 2026) o “Reforzo do firme de calzada con aglomerado (M.B.Q) de camiño no lugar de Cernadas” En que consiste o proxecto e cal é o seu importe? O concello ten que poñer algunha porcentaxe da subvención?

Responde o Sr. Alcalde que é unha obra que se vai a facer na pista que da acceso á granxa da sociedade de Mezonzo a que está en Cernadas e fai referencia á situación da mesma e que supón aglomerar e acceso a esa explotación e de pista a pista, é unha pista que está



bastante mal e aproveitamos para arraxala, non é un importe moi grande son 40.000 euros e o concello non ten que aportar nada.

PREGUNTA 4. Por fin amañouse a pista de Tamou aínda que nos tememos que vai durar pouco xa que o único que se fixo diante da casa de Xulio foi fundir a cuneta e iso non é suficiente. Os camións e tractores de gran tonelaxe que pasan van rematar con este amaño rapidamente. Ten previsto o concello realizar algún tipo de cunetas revestidas de formigón para eliminar a auga da calzada?

Responde o Sr. Alcalde que en primeiro lugar comentar que non hai auga na calzada e que estivo onte e que a auga vai polas cunetas aínda que chovía e Xulio non me comentou que houbera problema algún e levei ao técnico alí para comentarlle isto e dende o seu punto de vista isto está ben executado e incluso díxome que o problema que había na pista é ao final de Tamou na estreite no que si que hai un problema cando pasan as máquinas de paso que si que hai un problema pola estreite entre as dúas vivendas e que a auga circulaba ben e o único problema que vemos e que nunha zona existe un tubo bastante alto se fose máis baixo a auga circularía moito mellor. Indica o Sr. García que co que indica na pregunta non quere dicir que agora mesmo xa que a obra leva dous meses feita pero si que nun prazo relativamente breve que se vai a facer e fai referencia a cal corresponde ao que o Sr. Alcalde indica que se se baixa o tubo a auga que se acumula baleiraría moito ao que se lle comentará a Victor.

PREGUNTA 5. En Présaras unha empresa, supoñemos que contratada pola Xunta, estivo cortando polas e afeitando derribando a luminaria e parte do poste dunha farola, Así mesmo xa con anterioridade na mesma zona vimos que non se repuxeron outras farolas danadas. Temos reclamado estes danos as empresas responsables? Cando se pensa repoñer estas farolas?

Responde o Sr. Alcalde que aínda onte houbo outro golpe alí e fai 15 días outro e estamos en contacto coas persoas para que nos den o seguro igual que fixemos co da Xunta, o que pasa que estas farolas son complicadas de conseguir. Independentemente diso a idea do equipo de goberno é eliminar todas esas farolas e estamos a realizar un proxecto para poñer farolas de 8 metros nun lado da calle cada 20 metros e hai un estudo que indica que só é preciso dun lado porque a estrada non é moi ancha e a idea é retirar esas farolas que non alumean ben.



PREGUNTA 6. Na Resolución 368/2025 aparece que con data 1 de setembro de 2024, recibíuse neste concello comunicación do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña, en relación co PA Procedemento Abreviado 0000166/2025, de Ancaria SL contra o Concello de Vilasantar. Así mesmo aprobábase o pago de intereses e custos a empresa Ancaria SL, por importe de 493,86€ (453,86 € intereses + 40,00€ custos de cobro). Cal é o traballo que desenvolveu para o concello a empresa Ancaria SL? Cal foi o importe do traballo realizado? E cal é o motivo polo que a empresa nos leva a xuízo?

Responde o Sr. Alcalde que o traballo realizado foi o proxecto de biorresiduos, a entrega de composteiros e as charlas. Esta empresa tiña un traballo de 5.000 euros e ao final non chegou a xuízo porque pagamos a cantidade e era unha factura do ano 2024 que se pagou no ano 2025. Pregunta o Sr. García o custe dos avogados ao que o Sr. Alcalde responde que temos uns que levan varios asuntos e indica que pode ser sobre 200 euros.

PREGUNTA 7. Sabemos se nos van conceder a axuda solicitada para a comunidade enerxética?

Responde o Sr. Alcalde que este ano non pero que o ano que ven case seguro que si, de feito hai que facer unha reunión porque hai que restablecer a xunta directiva porque hai xente que está na mesma e como non se fai a instalación na súa zona non están moi de acordo e temos que xuntarnos os de Présaras e falar este tema como debemos facelo.

PREGUNTA 8. agora que esteamos en pleno inverno en Sesmonde seguen coas cunetas sin solucionar o tema das cunetas, indica o Sr. Alcalde que a competencia deles non é e mira que fomos a limpar e a facer e esta competencia é da Xunta de Galicia e fai referencia a todo o que se fixo alí e fai referencia á problemática existente co concelleiro do BNG creando un debate con relación á mesma.

Levantase a sesión , sendo as 10:15 horas do que eu secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE